

O can blanco

Escrito por Antonio Valverde
Mércores, 07 Maio 2008 07:43

Por este alcume coñecíase a un home moi difícil de clasificar como vai desprenderse deste relato.

Na voda de Celia - a irmá de Germán o que facía de matachín e era xogador de vantaxe nas ti mbas que se facían no Bar Galicia, no Bar do Centro ou noutros lugares, para xogar ás cartas e era un experto nun xogo que parece que trouxeron os que volveran das Américas que se chamaba “Truco” ou “Flor”- serviu a mesa vestindo guantes brancos e dicindo que **“xa os levará cando servira ao Rei cando estivo na mili”**.

Inda que traballaba como campesiño nun predio que tiña na Xunqueira, andaba ao mar como mariñeiro “a parte” en Baiona e víaselle volver do mar levando algún peixe que lle correspondera no reparto. Por veces érase un xurelo moscón dunha largura que agora non se ven pois levado pola man a cola rozaba o chan.

Tiña a fasquía dun home alto e forte pero ... o modo da fala e o xeito érase de vou dicilo, de maricón, dígoo porque era o que se dicía del e a min que era pequeno parecíacheme un aldraxe pecadento.

Levábbase mal cos veciños, especialmente cos “Sarricos” que estremaban co seu eido. E cun deles, que vovlera das Américas, non sei por que razón pelexaron, e o “Sarrico” feriu, dis que cunha navalla e o “Can Blanco” afrutando a voz decaíalle a unha veciña que o acollera no seu eido **“¡ é un criminal! ¡deume aquí e mais en todo o corpiño!”** pero nada mais amosaba unha ferida non moi grande nun brazo. O Cabo da Garda Civil de Baiona fixo unha inspección de trámite e alí morreu o conto.

Outra gallofa, e esa si que foi ben soada, pois ata houbo cornetada, foi a historia do seu casamento.

Andaba á fala coa irmá do Grego que alcuñaban “tomatito” porque era pequenote, redondo coma unha bola e colorado coma un tomate, e que estaba de Cura Párroco de San Pedro da Ramallosa e debería ser moi estudado porque tamén traballaba en non se sabe que posto na

O can blanco

Escrito por Antonio Valverde
Mércores, 07 Maio 2008 07:43

Escola de Comercio de Vigo.

A pesar dos consellos do Crego e dos máis que podían achegarse sobre todo a ela augurándolle os males que tiñan por vir se casaba cun mari.....-deixémolo en amaneirado-deron en casar.

Fixeron un casamento a rachar. A festa foi moi rumbosa. Non che había daquela revistas do corazón senón salientaríanse na primeira paxina.

O caso é que toda a xente da bisbarra, non só os mozos, que tamén os maiores se meteron no rodicio, comezaron a organizar festa pola súa conta e ocorréuselles desenterrar un vello costume, tan vello que xa no Val ninguén se lembraba del. A tal festa consistía en facerlle polas noites una “cornetada”. Non é que o nome sexa moi acertado, pois non se trata de tocar a corneta, tócase o corno.

Así é que formáronse uns grupos de mozos que se distribuíron agachados arredor do eido do Can Blanco. Uns asentábanse na subida ás Tomadas en Vilariño. Outros por detrás da canteira na estrada que vai a Gondomar. E outros pasado a río Miñor a carón da ermida da Xunqueira.

Gardaban as distancias para que o home non coñecese a alguén, pero tamén polo medo a que como certamente o Can Blanco, a pesar dos seus modos amaneirados, éache un home forte e violento e nun momento dado podería montar e facer fogo coa escopeta de cazar, que ter tíña.

Polo menos durante tres ou catro noites atronaron o Val co son dos cornos -tamén algún usou bucinas coma as que usaban os mariñeiros para alertar cando había brétema ou no porto cando traían sardiña - e coas cantigas que inventaron para o caso e case todas tiñan dobre sentido. Habíaas ben directas salientando a condición amaneirada do home e do chasco que ía levar a Muller se esperaba del que cumprise coma un home feito e dereito.

Entón si. Entón enténdese o alcuño, pois o home “andaba coma un can adoecido”, e así si lle cadraba o de Can, pero ¿o de Blanco?. Como non fose pola faciana que se lle puña branca

O can blanco

Escrito por Antonio Valverde
Mércores, 07 Maio 2008 07:43

coa rabia.

Si que foi unha cornetada ben soada. E foron ben poucos os altercados que houbo. Claro que a Garda Civil inda que deixaba facer, facía a vista gorda e estaba espreitante por se alguén se desmandaba.

Despois da festa viu a calma pero tampouco durou moito pois, como xa estaba anunciado, comezaron as rifas entre a parella.

As tales rifas foron indo para máis e o Can Blanco acabou batendo na muller como se estivese a mallar feixóns. Ela ao primeiro aguantaba e calaba. Despois deu en fuxir para a casa do irmán, pero volvía.

Unha destas, que debeu xa colmar o balde, fuxiu de por vez non se sabe para onde, pero non se volveu ver pola bisbarra.

Hoxe a casa do Can Blanco estache arruinada e o eido non o traballa ninguén.